

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERGÍA E TURISMO

**4443** *Real decreto 187/2016, do 6 de maio, polo que se regulan as exixencias de seguridade do material eléctrico destinado a ser utilizado en determinados límites de tensión.*

O Real decreto 7/1988, do 8 de xaneiro, relativo ás exixencias de seguranza do material eléctrico destinado a ser utilizado en determinados límites de tensión, veu a traspasar a Directiva 73/23/CEE do Consello, do 19 de febreiro de 1973, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre o material eléctrico destinado a utilizarse con determinados límites de tensión (Directiva «baixa tensión») e, posteriormente, o Real decreto 154/1995, do 3 de febreiro, polo que se regulan as exixencias de seguranza do material eléctrico destinado a ser utilizado en determinados límites de tensión, modificou o anterior para o adaptar aos elementos fundamentais do novo enfoque, que eran os requisitos esenciais e os procedementos de avaliación de conformidade e a colocación e utilización da marcación CE, recollidos na Directiva 93/68/CEE do Consello, do 22 de xullo de 1993, pola que se modifican as directivas 87/404/CEE (recipientes de presión simples), 88/378/CEE (seguranza dos xoguetes), 89/106/CEE (produtos de construción), 89/336/CEE (compatibilidade electromagnética), 89/392/CEE (máquinas), 89/686/CEE (equipamentos de protección individual), 90/384/CEE (instrumentos de pesaxe de funcionamento non automático), 90/385/CEE (produtos sanitarios implantables activos), 90/396/CEE (aparells de gas), 91/263/CEE (equipamentos terminais de telecomunicación), 92/42/CEE (caldeiras novas de auga quente alimentadas con combustibles líquidos ou gasosos) e 73/23/CEE (material eléctrico destinado a utilizarse con determinados límites de tensión).

En xullo de 2008, o Consello e o Parlamento Europeo adoptaron o denominado Novo marco lexislativo (NML), polo cal se establece unha batería de medidas destinadas a eliminar as barreiras que puideren existir aínda para a libre comercialización de produtos na Unión Europea a un tempo que se manteñen os niveis de seguranza e saúde para os usuarios.

O NML componse de dous instrumentos complementarios: o Regulamento (CE) n.º 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008, que establece os requisitos de acreditación e vixilancia do mercado relativos á comercialización dos produtos e derroga o Regulamento (CEE) n.º 339/93, e a Decisión 768/2008/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008, sobre un marco común para a comercialización dos produtos e que derroga a Decisión 93/465/CEE do Consello.

O Regulamento (CE) n.º 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008, que entrou en vigor o día 1 de xaneiro de 2010 e que é directamente aplicable en todos os Estados membros, regula a acreditación dos organismos de avaliación da conformidade, adopta un marco para a vixilancia do mercado dos produtos e para os controis dos produtos procedentes de terceiros países e establece os principios xerais da marcación CE.

Polo seu lado, a Decisión 768/2008/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008, foi pensada para funcionar como marco para a futura revisión da lexislación comunitaria de harmonización técnica, de modo que as súas disposicións deben integrarse en toda lexislación nova ou revisada.

De acordo con este NML, o Parlamento e o Consello da Unión Europea adoptaron a Directiva 2014/35/UE, do 26 de febreiro de 2014, sobre a harmonización das lexislacións dos Estados membros en materia de comercialización de material eléctrico destinado a utilizarse con determinados límites de tensión, que refunde a Directiva 2006/95/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa á aproximación

das lexislacións dos Estados membros sobre o material eléctrico destinado a utilizarse con determinados límites de tensión (versión codificada), coas disposicións introducidas no NML, e modifica diversos aspectos daquela. Así, como máis salientable, inclúense definicións sobre conceptos básicos tales como axentes económicos (fabricante, representante autorizado, importador, distribuidor), comercialización, posta en servizo, acreditación, etc., a determinación das obrigacións dos axentes económicos e a adaptación dos procedementos de avaliación da conformidade, marcación CE e declaración UE de conformidade.

En consecuencia, o presente real decreto ten por obxecto traspor á lexislación nacional a citada Directiva 2014/35/UE, e harmonizar, así, co resto de Estados membros da UE, as disposicións nacionais en materia de comercialización de material eléctrico destinado a utilizarse con determinados límites de tensión, para garantir neste ámbito e no funcionamento do mercado interior a libre circulación do material eléctrico.

Por outro lado, hai que salientar que o Real decreto 330/2008, do 29 de febreiro, polo que se adoptan medidas de control da importación de determinados produtos respecto ás normas aplicables en materia de seguranza dos produtos, establece un procedemento de control reforzado para unha serie de produtos procedentes de terceiros países, considerados como sensibles, entre os cales se inclúe o pequeno material eléctrico obxecto, en parte, desta disposición.

De acordo co disposto no artigo 24.1.c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, a presente disposición foi sometida ao trámite de audiencia e remitiuse aos sectores industriais afectados. Así mesmo, foron consultados os órganos competentes das comunidades autónomas. Este real decreto dítase ao abeiro do disposto na regra 13.<sup>a</sup> do artigo 149.1 da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia sobre bases e coordinación da planificación xeral da economía.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Competitividade, por suplencia do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de maio de 2016,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Constitúe o obxecto do presente real decreto asegurar que o material eléctrico comercializado cumpra os requisitos que proporcionan un elevado nivel de protección da saúde e a seguranza das persoas, e dos animais domésticos e dos bens, e garantir ao mesmo tempo o funcionamento do mercado interior.

2. O disposto neste real decreto aplicarase ao material eléctrico destinado a utilizarse cunha tensión nominal comprendida entre 50 e 1.000 V en corrente alterna e entre 75 e 1.500 V en corrente continua, coa excepción dos materiais e fenómenos mencionados no anexo II.

3. Aos equipamentos de telecomunicación non lles será de aplicación o disposto nos capítulos IV e V do presente real decreto e rexeranse, no relativo á vixilancia do mercado e réxime sancionador, polo establecido no Real decreto 188/2016, do 6 de maio, polo que se aproba o Regulamento polo que se establecen os requisitos para a comercialización, posta en servizo e uso de equipamentos radioeléctricos, e se regula o procedemento para a avaliación da conformidade, a vixilancia do mercado e o réxime sancionador dos equipamentos de telecomunicación.

#### Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos de aplicación do presente real decreto, entenderase por:

- 1) «comercialización»: todo fornecemento, remunerado ou gratuíto, de material eléctrico para a súa distribución, consumo ou utilización no mercado da Unión Europea no transcurso dunha actividade comercial;
- 2) «introdución no mercado»: a primeira comercialización de material eléctrico no mercado da Unión Europea;
- 3) «fabricante»: toda persoa física ou xurídica que fabrique material eléctrico ou que encargue o seu deseño ou fabricación e comercialice ese material baixo o seu nome ou marca rexistrada;
- 4) «representante autorizado»: toda persoa física ou xurídica establecida na Unión Europea que recibiu un mandato por escrito dun fabricante para actuar no seu nome en tarefas específicas;
- 5) «importador»: toda persoa física ou xurídica establecida na Unión Europea que introduza no mercado da Unión Europea material eléctrico dun terceiro país;
- 6) «distribuidor»: toda persoa física ou xurídica integrada na cadea de distribución, distinta do fabricante ou do importador, que comercialice material eléctrico;
- 7) «axentes económicos»: o fabricante, o representante autorizado, o importador e o distribuidor;
- 8) «especificación técnica»: un documento en que se definen os requisitos técnicos dun material eléctrico;
- 9) «norma harmonizada»: norma harmonizada consonte a definición do artigo 2.1.c) do Regulamento (UE) n.º 1025/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012, sobre a normalización europea, que modifica as directivas 89/686/CEE e 93/15/CEE do Consello e as directivas 94/9/CE, 94/25/CE, 95/16/CE, 97/23/CE, 98/34/CE, 2004/22/CE, 2007/23/CE, 2009/23/CE e 2009/105/CE do Parlamento Europeo e do Consello e derroga a Decisión 87/95/CEE do Consello e a Decisión n.º 1673/2006/CE do Parlamento Europeo e do Consello;
- 10) «avaliación da conformidade»: o proceso polo cal se avalía se se satisfán os obxectivos de seguranza a que se refire o artigo 3 e establecidos no anexo I en relación co material eléctrico;
- 11) «recuperación»: calquera medida destinada a obter a devolución de material eléctrico xa posto ao dispor do usuario final;
- 12) «retirada»: calquera medida destinada a impedir a comercialización de material eléctrico que se encontra na cadea de fornecemento;
- 13) «lexislación de harmonización da Unión Europea»: toda lexislación da Unión Europea que harmonice as condicións para a comercialización dos produtos;
- 14) «marcación CE»: unha marcación pola cal o fabricante indica que o material eléctrico está conforme con todos os requisitos aplicables establecidos na lexislación de harmonización da Unión Europea que prevé a súa colocación;
- 15) «equipamento de telecomunicación»: calquera aparello ou instalación fixa que se utilice para a transmisión, emisión ou recepción a distancia de signos, sinais, escritos, imaxes, sons ou informacións de calquera natureza por fío, radioelectricidade, medios ópticos ou outros sistemas electromagnéticos.

### Artigo 3. *Comercialización e obxectivos de seguranza.*

Só se poderá comercializar o material eléctrico que, fabricado conforme os criterios técnicos vixentes en materia de seguranza na Unión Europea, non poña en perigo, cando a súa instalación e mantemento sexan os correctos e a súa utilización responda á finalidade a que estea destinado, a saúde e a seguranza das persoas e dos animais domésticos, así como dos bens.

No anexo I figuran os principais elementos dos obxectivos de seguranza.

### Artigo 4. *Libre circulación.*

Ninguén obstaculizará, polo que respecta aos aspectos a que fai referencia este real decreto, a comercialización de material eléctrico que cumpra o disposto nel.

Artigo 5. *Distribución de electricidade.*

As autoridades competentes velarán por que as empresas distribuidoras de electricidade non condicionen a conexión á rede e o fornecemento de electricidade aos usuarios de material eléctrico a requisitos en materia de seguranza máis estritos que os obxectivos de seguranza a que se refire o artigo 3 e establecidos no anexo I.

## CAPÍTULO II

### Obrigacións dos axentes económicos

Artigo 6. *Obrigacións dos fabricantes.*

1. Cando introduzan material eléctrico no mercado, os fabricantes garantirán que foi deseñado e fabricado de conformidade cos obxectivos de seguranza a que se refire o artigo 3 e establecidos no anexo I.

2. Os fabricantes elaborarán a documentación técnica a que se refire o anexo III e levarán a cabo o procedemento de avaliación da conformidade a que se refire o anexo III ou velarán por que se leve a cabo.

Cando, mediante o procedemento de avaliación da conformidade a que se refire o parágrafo primeiro, se demostrase que o material eléctrico cumpre os obxectivos de seguranza a que se refire o artigo 3 e establecidos no anexo I, os fabricantes elaborarán unha declaración UE de conformidade e colocarán a marcación CE.

3. Os fabricantes conservarán a documentación técnica mencionada no anexo III e a declaración UE de conformidade durante dez anos despois da introdución do material eléctrico no mercado.

4. Os fabricantes aseguraranse de que existan procedementos para que a produción en serie manteña a súa conformidade co presente real decreto. Deberanse tomar debidamente en consideración os cambios no deseño ou as características do material eléctrico e os cambios nas normas harmonizadas mencionadas no artigo 12, nas normas internacionais ou nacionais mencionadas nos artigos 13 e 14, ou noutras especificacións técnicas consonte as cales se declara a súa conformidade.

Sempre que se considere oportuno con respecto aos riscos presentados polo material eléctrico, para a protección da saúde e da seguranza dos consumidores, os fabricantes someterán a ensaio mostras do material eléctrico comercializado, investigarán e, se for o caso, manterán un rexistro das reclamacións, do material eléctrico non conforme e das recuperacións de material eléctrico, e manterán informados os distribuidores de todo seguimento deste tipo.

5. Os fabricantes aseguraranse de que o material eléctrico que introduciron no mercado leve un número de tipo, lote ou serie ou calquera outro elemento que permita a súa identificación ou, se o tamaño ou a natureza do material eléctrico non o permite, de que a información requirida figura na súa embalaxe ou nun documento que acompañe o material eléctrico.

6. Os fabricantes indicarán no material eléctrico o seu nome, o seu nome comercial rexistrado ou marca rexistrada e o seu enderezo postal de contacto ou, cando non for posible, na embalaxe ou nun documento que acompañe o material eléctrico. O enderezo indicará un único lugar en que se poida contactar co fabricante. Os datos de contacto figurarán, como mínimo, en castelán.

7. Os fabricantes garantirán que o material eléctrico vaia acompañado de instrucións e de información relativa á seguranza, como mínimo, en castelán. Estas instrucións e información relativa á seguranza, así como toda etiquetaxe, serán claras, comprensibles e intelixibles.

8. Os fabricantes que consideren ou teñan motivos para pensar que un material eléctrico que introduciron no mercado non está conforme co presente real decreto adoptarán inmediatamente as medidas correctoras necesarias para que sexa conforme, retiralo do mercado ou recuperalo, en caso de ser necesario. Ademais, cando o material

eléctrico presente un risco, os fabricantes informarán inmediatamente disto as autoridades competentes das comunidades autónomas en que o comercializaron e proporcionarán detalles, en particular, sobre a falta de conformidade e as medidas correctoras adoptadas.

9. En resposta a unha solicitude motivada da autoridade competente dunha comunidade autónoma, os fabricantes facilitarán toda a información e documentación necesarias, en papel ou formato electrónico, para demostrar a conformidade do material eléctrico co presente real decreto, como mínimo, en castelán, salvo que as autoridades competentes, en cada caso e por petición do interesado, consideren admisible a súa presentación en inglés. Por petición das comunidades autónomas, cooperarán en calquera acción destinada a evitar os riscos que presente o material eléctrico que introduciron no mercado.

#### Artigo 7. *Representantes autorizados.*

1. Un fabricante poderá designar, por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna da representación outorgada, un representante autorizado.

As obrigacións establecidas no artigo 6.1 e a obrigaón de elaborar documentación técnica a que se refire o artigo 6.2 non formarán parte do mandato do representante autorizado.

2. O representante autorizado efectuará as tarefas especificadas no mandato recibido do fabricante. O apoderamento recibido deberá permitir ao representante autorizado realizar, como mínimo, as tarefas seguintes:

- a) manter a declaración UE de conformidade e a documentación técnica ao dispor das autoridades nacionais de vixilancia do mercado durante un período de dez anos despois da introdución do material eléctrico no mercado;
- b) en resposta a unha solicitude motivada das autoridades competentes das comunidades autónomas, facilitar á citada autoridade toda a información e documentación necesarias para demostrar a conformidade do material eléctrico;
- c) cooperar coas autoridades competentes das comunidades autónomas, a pedimento destas, en calquera acción destinada a evitar os riscos que presente o material eléctrico obxecto do mandato do representante autorizado.

#### Artigo 8. *Obrigacións dos importadores.*

1. Os importadores só introducirán no mercado material eléctrico conforme cos requisitos de seguraza a que se refire o artigo 3 e establecidos no anexo I.

2. Antes de introducir material eléctrico no mercado, os importadores aseguraranse de que o fabricante levou a cabo o debido procedemento de avaliación da conformidade. Aseguraranse de que o fabricante elaborou a documentación técnica, de que o material eléctrico leva a marcación CE e vai acompañado dos documentos necesarios, e de que o fabricante respectou os requisitos establecidos nos artigos 6.5 e 6.

Cando un importador considere ou teña motivos para crer que un determinado material eléctrico non está conforme cos requisitos de seguraza a que se refire o artigo 3 e establecidos no anexo I, non introducirá ese material eléctrico no mercado até ser conforme. Ademais, cando o material eléctrico presente un risco, o importador informará o fabricante e as autoridades competentes das comunidades autónomas.

3. Os importadores indicarán no material eléctrico o seu nome, o seu nome comercial rexistrado ou marca rexistrada e o seu enderezo postal de contacto ou, cando non sexa posible, na súa embalaxe ou nun documento que acompañe o material eléctrico. Os datos de contacto figurarán, como mínimo, en castelán.

4. Os importadores garantirán que o material eléctrico vaia acompañado das instrucións e da información relativa á seguraza, como mínimo, en castelán.

5. En canto sexan responsables do material eléctrico, os importadores aseguraranse de que as condicións do seu almacenamento ou transporte non comprometan o



cumprimento dos obxectivos de seguranza a que se refire o artigo 3 e establecidos no anexo I.

6. Sempre que se considere oportuno con respecto aos riscos que presente o material eléctrico, para protexer a saúde e a seguranza dos consumidores, os importadores someterán a ensaio mostras do material eléctrico comercializado, investigarán e, se for o caso, manterán un rexistro das reclamacións, do material eléctrico non conforme e das recuperacións de material eléctrico, e manterán informados os distribuidores de todo seguimento deste tipo.

7. Os importadores que consideren ou teñan motivos para pensar que o material eléctrico que introduciron no mercado non está conforme co presente real decreto adoptarán inmediatamente as medidas correctoras necesarias para que estea conforme, retiralo do mercado ou recuperalo, en caso de ser necesario. Ademais, cando o material eléctrico presente un risco, os importadores informarán inmediatamente disto as autoridades competentes das comunidades autónomas en que o comercializaron e proporcionarán detalles, en particular, sobre a falta de conformidade e as medidas correctoras adoptadas.

8. Durante dez anos despois da introdución do material eléctrico no mercado, os importadores manterán unha copia da declaración UE de conformidade ao dispor das autoridades competentes das comunidades autónomas e aseguraranse de que, logo de petición, estas autoridades reciban unha copia da documentación técnica.

9. En resposta a unha solicitude motivada da autoridade competente dunha comunidade autónoma, os importadores facilitarán, en papel ou formato electrónico, toda a información e documentación necesarias para demostrar a conformidade do material eléctrico, como mínimo, en castelán, salvo que as autoridades competentes, en cada caso e a pedimento do interesado, consideren admisible a súa presentación en inglés. Cooperarán coa citada autoridade, a pedimento desta, en calquera acción destinada a evitar os riscos que presente o material eléctrico que introduciron no mercado.

#### Artigo 9. *Obrigacións dos distribuidores.*

1. Ao comercializar o material eléctrico, os distribuidores actuarán coa debida dilixencia en relación cos requisitos do presente real decreto.

2. Antes de comercializar o material eléctrico, os distribuidores aseguraranse de que o material eléctrico leva a marcación CE, vai acompañado dos documentos exixidos e das instrucións e da información relativa á seguranza, como mínimo, en castelán, e de que o fabricante e o importador cumpriron os requisitos establecidos no artigo 6.5 e 6 e no artigo 8.3, respectivamente.

Cando un distribuidor considere ou teña motivos para crer que o material eléctrico non está conforme cos obxectivos de seguranza a que se refire o artigo 3 e establecidos no anexo I, non introducirá ese material eléctrico no mercado até estar conforme. Ademais, cando o material eléctrico presente un risco, o distribuidor informará o fabricante ou o importador ao respecto, así como as autoridades competentes de vixilancia do mercado.

3. En canto sexan responsables de material eléctrico, os distribuidores aseguraranse de que as condicións do seu almacenamento ou transporte non comprometen o cumprimento dos obxectivos de seguranza a que se refire o artigo 3 e establecidos no anexo I.

4. Os distribuidores que consideren ou teñan motivos para pensar que o material eléctrico que introduciron no mercado non está conforme co presente real decreto velarán por que se adopten inmediatamente as medidas correctoras necesarias para que sexa conforme, retiralo do mercado ou recuperalo, en caso de ser necesario. Ademais, cando o material eléctrico presente un risco, os distribuidores informarán inmediatamente disto as autoridades competentes das comunidades autónomas en que o comercializaron e proporcionarán detalles, en particular, sobre a falta de conformidade e as medidas correctoras adoptadas.

5. Sobre a base dunha solicitude motivada dunha autoridade competente, os distribuidores facilitarán, en papel ou formato electrónico, toda a información e

documentación necesarias para demostrar a conformidade do material eléctrico. Cooperarán coa citada autoridade, a pedimento desta, en calquera acción destinada a evitar os riscos que presente o material eléctrico que comercializaron.

Artigo 10. *Casos en que as obrigacións dos fabricantes se aplican aos importadores e aos distribuidores.*

Para os efectos do presente real decreto, considerarase fabricante e, por conseguinte, estará suxeito ás obrigacións do fabricante conforme o artigo 6, un importador ou distribuidor que introduza material eléctrico no mercado co seu nome comercial ou marca ou modifique material eléctrico que xa se teña introducido no mercado de forma que poida quedar afectada a súa conformidade co presente real decreto.

Artigo 11. *Identificación dos axentes económicos.*

1. Precedendo solicitude, os axentes económicos identificarán ante as autoridades competentes de vixilancia do mercado:

- a) calquera axente económico que lles fornecese material eléctrico;
- b) calquera axente económico a que fornecesen material eléctrico.

2. Os axentes económicos poderán presentar a información a que se refire o número 1 durante dez anos despois de que se lles fornecese o material eléctrico e durante dez anos despois de que fornecesen o material eléctrico.

### CAPÍTULO III

#### Conformidade do material eléctrico

Artigo 12. *Presunción de conformidade do material eléctrico en virtude de normas harmonizadas.*

O material eléctrico que sexa conforme con normas harmonizadas ou partes destas, cuxas referencias se publicasen no «Diario Oficial de la Unión Europea», presumirase conforme cos obxectivos de seguranza a que se refire o artigo 3 e establecidos no anexo I, aos cales se apliquen as ditas normas ou partes delas.

Artigo 13. *Presunción de conformidade en virtude de normas internacionais.*

1. Cando non se elaborasen e publicasen as normas harmonizadas a que se refire o artigo 12, considerarase, para os efectos da comercialización a que se refire o artigo 3 ou da libre circulación prevista no artigo 4, que tamén se axusta aos obxectivos de seguranza a que se refire o artigo 3 e establecidos no anexo I, o material eléctrico que cumpra as disposicións en materia de seguranza das normas internacionais enunciadas pola Comisión Electrotécnica Internacional (IEC) respecto das cales se tiver seguido o procedemento de publicación establecido nos números 2 e 3 do presente artigo.

2. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo comunicará á Comisión Europea, nun prazo de tres meses, calquera obxección respecto ás disposicións en materia de seguranza a que se refire o número 1 notificadas pola Comisión Europea aos Estados membros, para consulta, sinalando as razóns de seguranza que se opoñan ao seu recoñecemento.

As referencias das disposicións en materia de seguranza a que non se opuxo obxección ningunha publícanse, a título informativo, no «Diario Oficial de la Unión Europea».

Artigo 14. *Presunción de conformidade en virtude de normas nacionais.*

Cando non se elaborasen e publicasen as normas harmonizadas a que se refire o artigo 12 e non se publicasen as normas internacionais a que se refire o artigo 13,

considerarase, para os efectos da comercialización ou da libre circulación, que tamén se axusta aos obxectivos de seguranza o material eléctrico fabricado consonte as disposicións en materia de seguranza das normas vixentes no Estado membro de fabricación, sempre que garanta un nivel de seguranza equivalente ao exixido no seu propio territorio.

#### Artigo 15. *Declaración UE de conformidade.*

1. A declaración UE de conformidade indicará que se demostrou o cumprimento dos obxectivos de seguranza a que se refire o artigo 3 e establecidos no anexo I.

2. A declaración UE de conformidade axustarase á estrutura do modelo establecido no anexo IV, conterá os elementos especificados no módulo A do anexo III e manterase actualizada continuamente. Esta declaración redactarase, ao menos, en castelán se difire substancialmente do modelo establecido no anexo IV, para aquel material eléctrico que se introduza e se comercialice en España.

3. Cando o material eléctrico estea suxeito a máis dun acto da Unión Europea que exixa unha declaración UE de conformidade, elaborarse unha declaración UE de conformidade única con respecto a todos eses actos da Unión Europea. Esta declaración conterá a identificación dos actos da Unión Europea correspondentes e as súas referencias de publicación.

4. Ao elaborar unha declaración UE de conformidade, o fabricante asumirá a responsabilidade da conformidade do material eléctrico cos requisitos establecidos no presente real decreto.

#### Artigo 16. *Principios xerais da marcación CE.*

A marcación CE estará suxeita aos principios xerais establecidos no artigo 30 do Regulamento (CE) n.º 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008, polo que se establecen os requisitos de acreditación e vixilancia do mercado relativos á comercialización dos produtos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) n.º 339/93.

#### Artigo 17. *Regras e condicións para a colocación da marcación CE.*

1. A marcación CE colocarase de maneira visible, lexible e indeleble sobre o material eléctrico ou na súa placa de características. Cando isto non sexa posible ou non se poida garantir debido á natureza do material eléctrico, colocarase na embalaxe e nos documentos adxuntos.

2. A marcación CE colocarase antes de que o material eléctrico sexa introducido no mercado.

3. As autoridades competentes das comunidades autónomas garantirán a correcta aplicación do réxime que regula a marcación CE e adoptarán as medidas adecuadas en caso de se usar indebidamente, e deben informar delas o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo para iniciar, se for o caso, o procedemento de salvagarda descrito no artigo 20 do presente real decreto.

### CAPÍTULO IV

#### **Vixilancia do mercado, control do material eléctrico que entre no dito mercado e procedemento de salvagarda da Unión Europea**

#### Artigo 18. *Vixilancia do mercado e control do material eléctrico que entre nel.*

1. Será de aplicación ao material eléctrico obxecto do presente real decreto o establecido no artigo 15.3 e nos artigos 16 a 29 do Regulamento (CE) n.º 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008.

2. A vixilancia do mercado do material eléctrico incluído no ámbito de aplicación deste real decreto realizarana os órganos competentes das comunidades autónomas, de



acordo co establecido na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, sen prexuízo das atribucións doutras autoridades no ámbito das súas competencias por aplicación doutra regulamentación complementaria da incluída no ámbito do presente real decreto.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 da Lei 21/1992, do 16 de xullo, sen prexuízo das actuacións de inspección e control que as comunidades autónomas competentes na materia desenvolvan no seu ámbito territorial, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo poderá promover, en colaboración coas respectivas comunidades autónomas, plans e campañas de carácter nacional de comprobación mediante mostraxe das condicións de seguranza do material eléctrico incluído no artigo 1 do presente real decreto.

*Artigo 19. Procedemento no caso de material eléctrico que presenta un risco a nivel nacional.*

1. Cando as autoridades competentes de vixilancia do mercado teñan motivos suficientes para pensar que o material eléctrico suxeito ao presente real decreto entraña un risco para a saúde ou a seguranza das persoas ou dos animais domésticos ou para a propiedade levarán a cabo unha avaliación relacionada co material eléctrico en cuestión atendendo a todos os requisitos pertinentes establecidos no presente real decreto. Para tal fin, os axentes económicos correspondentes cooperarán en función das necesidades coas autoridades de vixilancia do mercado.

Cando, no transcurso da avaliación mencionada no parágrafo primeiro, as autoridades competentes de vixilancia do mercado constaten que o material eléctrico non cumpre os requisitos establecidos no presente real decreto, pedirase sen demora ao axente económico pertinente que adopte todas as medidas correctoras adecuadas para adaptar o material eléctrico aos citados requisitos, retiralo do mercado ou recuperalo nun prazo de tempo razoable, proporcional á natureza do risco, que elas prescriban.

O artigo 21 do Regulamento (CE) n.º 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008, será de aplicación ás medidas mencionadas no parágrafo segundo do presente número.

2. Cando as autoridades competentes de vixilancia do mercado consideren que o incumprimento non se limita ao territorio nacional, informarán, a través do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, a Comisión Europea e os demais Estados membros dos resultados da avaliación e das medidas que pediron ao axente económico que adoptase.

3. O axente económico asegurase de que se adoptan todas as medidas correctoras pertinentes en relación con todo o material eléctrico que comercialízase en toda a Unión Europea.

4. Se o axente económico pertinente non adopta as medidas correctoras adecuadas no prazo de tempo indicado no número 1, parágrafo segundo, as autoridades de vixilancia do mercado adoptarán todas as medidas provisionais adecuadas para prohibir ou restrinxir a comercialización do material eléctrico no mercado nacional, retiralo dese mercado ou recuperalo.

As comunidades autónomas afectadas comunicarán ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo as medidas provisionais adoptadas e este informará a Comisión Europea e os demais Estados membros de tales medidas.

Cando as medidas adoptadas ou previstas para adoptar o sexan de conformidade co disposto no artigo 20 do Regulamento (CE) n.º 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008, polo que se establecen os requisitos de acreditación e vixilancia do mercado relativos á comercialización dos produtos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) n.º 339/93, informarse sen demora a Comisión Europea, seguindo o procedemento previsto no artigo 22 dese mesmo regulamento.

5. A información mencionada no número 4, parágrafo segundo, incluírá todos os detalles dispoñibles, en particular os datos necesarios para a identificación do material eléctrico non conforme, a orixe do material eléctrico, a natureza da suposta non conformidade e do risco que presente, e a natureza e duración das medidas nacionais adoptadas, así como os argumentos expresados polo axente económico pertinente. En

particular, as autoridades competentes de vixilancia do mercado indicarán se a falta de conformidade se debe a un dos motivos seguintes:

a) o material eléctrico non cumpre os obxectivos de seguranza a que se refire o artigo 3 e establecidos no anexo I relacionados coa saúde ou a seguranza das persoas ou dos animais domésticos ou cos bens, ou

b) hai deficiencias nas normas harmonizadas a que se refire o artigo 12 ou nas normas internacionais ou nacionais mencionadas nos artigos 13 e 14 que atribúen unha presunción de conformidade.

6. Se no prazo de tres meses a partir da recepción da información indicada no número 4, parágrafo segundo, ningún Estado membro nin a Comisión Europea presentan obxección ningunha sobre unha medida provisoria adoptada, a medida considerarase xustificada.

7. As comunidades autónomas velarán por que se adopten sen demora as medidas restritivas adecuadas respecto ao material eléctrico en cuestión, tales como a retirada do mercado.

8. Cando se reciba dun Estado membro ou da Comisión Europea unha medida restritiva adoptada sobre material eléctrico non conforme, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, no ámbito da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, informará as comunidades autónomas sobre a medida en cuestión e, en caso de desacordo coa medida adoptada, poderán presentar as súas obxeccións ao respecto. Estas obxeccións serán analizadas e, se for o caso, remitidas á Comisión Europea.

#### Artigo 20. *Procedemento de salvagarda da Unión Europea.*

1. Se, unha vez concluído o procedemento establecido no artigo 19.3 e 4, se formulan obxeccións contra medidas adoptadas por un Estado membro, ou se a Comisión Europea considera que tales medidas son contrarias á lexislación da Unión Europea, aplicarase o procedemento de salvagarda da Unión Europea.

2. Se a medida se considera xustificada, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e as comunidades autónomas velarán polo cumprimento de tales medidas e para que o material eléctrico non conforme sexa retirado do mercado, do cal informarán a Comisión Europea. Se a medida non se considera xustificada, retirarase esa medida.

3. Cando a medida nacional se considere xustificada e a falta de conformidade do material eléctrico se atribúa a unha deficiencia das normas harmonizadas a que se refire o artigo 19.5.b) do presente real decreto, aplicarase o procedemento previsto no artigo 11 do Regulamento (UE) n.º 1025/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012.

#### Artigo 21. *Produtos conformes que, non obstante, presentan un risco.*

1. Se, despois de efectuar unha avaliación conforme o artigo 19.1, as autoridades competentes das comunidades autónomas comprobán que un determinado material eléctrico, aínda que conforme de acordo co presente real decreto, presenta un risco para a saúde ou a seguranza das persoas ou outros aspectos de protección do interese público, pedirán ao axente económico pertinente que adopte todas as medidas adecuadas para asegurarse de que o material eléctrico en cuestión non presente ese risco cando se introduza no mercado, ou ben para retiralo do mercado ou recuperalo no prazo de tempo razoable, proporcional á natureza do risco, que a autoridade determine, e informarase inmediatamente o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

2. O axente económico asegurase de que se adoptan as medidas correctoras necesarias en relación con todo o material eléctrico afectado que comercializase en toda a Unión Europea.

3. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo informará inmediatamente a Comisión Europea e os demais Estados membros. A información facilitada incluírá todos os detalles dispoñibles, en particular os datos necesarios para identificar o material eléctrico en

cuestión e determinar a súa orixe, a cadea de fornecemento, a natureza do risco que presenta e a natureza e duración das medidas nacionais adoptadas.

4. As medidas nacionais adoptadas someteranse aos procedementos de exame previstos nos artigos 5 e 8 do Regulamento (UE) n.º 182/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de febreiro de 2011, polo que se establecen as normas e os principios xerais relativos ás modalidades de control por parte dos Estados membros do exercicio das competencias de execución pola Comisión Europea.

As decisións que mediante os correspondentes actos de execución adopte a Comisión Europea serán trasladadas polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo ás autoridades competentes das comunidades autónomas e ao axente ou axentes económicos pertinentes.

#### Artigo 22. *Incumprimento formal.*

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 19, se as autoridades competentes das comunidades autónomas constatan unha das situacións indicadas a seguir, pedirán ao axente económico correspondente que emende a falta de conformidade en cuestión:

- a) colocouse a marcación CE incumprindo o artigo 30 do Regulamento (CE) n.º 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008, ou o artigo 17 do presente real decreto;
- b) non se colocou a marcación CE;
- c) non se estableceu a declaración UE de conformidade;
- d) non se estableceu correctamente a declaración UE de conformidade;
- e) a documentación técnica non está dispoñible ou é incompleta;
- f) a información mencionada no artigo 6.6 ou no artigo 8.3 deste real decreto falta, é falsa ou está incompleta;
- g) non se cumpre calquera outro requisito administrativo establecido no artigo 6 ou no artigo 8 deste real decreto.

2. Se a falta de conformidade indicada no número 1 persiste, as autoridades competentes das comunidades autónomas adoptarán todas as medidas adecuadas para restrinxir ou prohibir a comercialización do material eléctrico ou asegurarse de que sexa recuperado ou retirado do mercado.

## CAPÍTULO V

### Réxime sancionador

#### Artigo 23. *Sancións.*

As infraccións ao presente real decreto serán sancionadas de acordo co disposto no título V da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria.

#### Disposición adicional única. *Actualización de referencias normativas.*

As referencias feitas nas disposicións legais, regulamentarias e administrativas vixentes ao Real decreto 7/1988, do 8 de xaneiro, relativo ás exixencias de seguranza do material eléctrico destinado a ser utilizado en determinados límites de tensión, entenderanse feitas ao presente real decreto.

#### Disposición transitoria única. *Comercialización e posta en servizo de material eléctrico que cumpra co Real decreto 7/1988, do 8 de xaneiro.*

Non obstante o disposto na disposición derogatoria única, o material eléctrico que cumpra o establecido no Real decreto 7/1988, do 8 de xaneiro, relativo ás exixencias de seguranza do material eléctrico destinado a ser utilizado en determinados límites de

tensión, poderase seguir comercializando e pondo en servizo sempre que se introducíse no mercado antes do 20 de abril de 2016.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 7/1988, do 8 de xaneiro, relativo ás exixencias de seguranza do material eléctrico destinado a ser utilizado en determinados límites de tensión e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto no presente real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto na regra 13.<sup>a</sup> do artigo 149.1 da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia sobre bases e coordinación da planificación xeral da economía.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2014/35/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre a harmonización das lexislacións dos Estados membros en materia de comercialización de material eléctrico destinado a utilizarse con determinados límites de tensión e pola que se derroga a Directiva 2006/95/CE.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento e aplicación do real decreto.*

O ministro de Industria, Enerxía e Turismo ditará, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Autorización para a modificación dos anexos.*

Así mesmo, autorízase o ministro de Industria, Enerxía e Turismo para actualizar mediante orde o contido dos anexos deste real decreto, con obxecto de mantelo permanentemente adaptado ao progreso da técnica, así como ás normas do dereito da Unión Europea ou doutros organismos internacionais.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de maio de 2016.

FELIPE R.

O ministro de Industria, Enerxía e Turismo,  
P. S. (Real decreto 160/2016, do 15 de abril),

O ministro de Economía e Competitividade,  
LUIS DE GUINDOS JURADO

**ANEXO I****Principais elementos dos obxectivos de seguranza referentes ao material eléctrico destinado a empregarse con determinados límites de tensión***1. Condicións xerais*

a) As características fundamentais, cuxo recoñecemento e observancia deben asegurar que o material eléctrico se utilice de maneira segura e acorde co seu destino, figurarán no material eléctrico ou, cando isto non for posible, no documento que o acompañe.

b) O material eléctrico e os seus compoñentes fabricaranse de modo que permitan unha montaxe e unha conexión seguras e adecuadas.

c) O material eléctrico deberase deseñar e fabricar de modo que quede garantida a protección contra os perigos a que se refiren os números 2 e 3, coa condición de que se utilice de maneira acorde co seu destino e sexa obxecto dun adecuado mantemento.

*2. Protección contra os perigos derivados do propio material eléctrico*

Estableceranse medidas de índole técnica, de conformidade co número 1, a fin de que:

a) as persoas e os animais domésticos queden adecuadamente protexidos contra o perigo de lesións físicas ou outros danos que poida provocar o contacto directo ou indirecto;

b) non se produzan temperaturas, arcos ou radiacións perigosas;

c) se protexan convenientemente as persoas, os animais domésticos e os bens contra os perigos de natureza non eléctrica causados polo material eléctrico que se deduzan da experiencia;

d) o sistema de illamento sexa o adecuado para as condicións de utilización previsibles.

*3. Protección contra os perigos causados por efecto de influencias externas sobre o material eléctrico*

Estableceranse medidas de orde técnica conforme o número 1, a fin de que o material eléctrico:

a) responda aos requisitos mecánicos esperados, de maneira que non se poñan en perigo as persoas, os animais domésticos e os bens;

b) resista as influencias non mecánicas nas condicións ambientais esperadas, de maneira que non se poñan en perigo as persoas, os animais domésticos e os bens;

c) non poña en perigo as persoas, os animais domésticos e os bens nas condicións de sobrecarga previsibles.

**ANEXO II****Material e fenómenos excluídos do ámbito de aplicación do presente real decreto**

Material eléctrico destinado a utilizarse nunha atmosfera explosiva.

Material eléctrico para radioloxía e para usos médicos.

Partes eléctricas dos ascensores e montacargas.

Contadores eléctricos.

Tomas de corrente (enchufes e cavillas para uso doméstico).

Controladores de cercas eléctricas.

Interferencias radioeléctricas.

Material eléctrico especializado, destinado a utilizarse en buques, aeronaves e ferrocarrís, que se axuste ás disposicións de seguranza establecidas por organismos internacionais dos cales formen parte os Estados membros.

Kits de avaliación, fabricados por encargo, destinados a seren usados por profesionais exclusivamente en instalacións de investigación e desenvolvemento para tales fins.

### ANEXO III

#### Módulo A

##### *Control interno da produción*

1. O control interno da produción é o procedemento de avaliación da conformidade mediante o cal o fabricante cumpre as obrigacións que se determinan nos números 2, 3 e 4, e garante e declara, baixo a súa exclusiva responsabilidade, que o material eléctrico en cuestión satisfai os requisitos do presente real decreto que lle son aplicables.

2. Documentación técnica.

O fabricante elaborará a documentación técnica. A documentación permitirá avaliar se o material eléctrico cumpre os requisitos pertinentes e incluírá unha análise e unha avaliación do risco adecuadas. Especificará os requisitos aplicables e incluírá, na medida en que sexa pertinente para a avaliación, o deseño, a fabricación e o funcionamento do material eléctrico. A documentación técnica incluírá, cando proceda, ao menos os seguintes elementos:

- a) unha descrición xeral do material eléctrico;
- b) os planos de deseño e de fabricación e os esquemas dos compoñentes, subconxuntos, circuítos, etc.;
- c) as descricións e explicacións necesarias para a comprensión deses planos e esquemas e do funcionamento do material eléctrico;
- d) unha lista das normas harmonizadas, aplicadas total ou parcialmente, cuxas referencias se publicasen no «Diario Oficial de la Unión Europea» ou as normas internacionais ou nacionais mencionadas nos artigos 13 e 14 e, cando non se aplicasen esas normas harmonizadas ou normas internacionais ou nacionais, a descrición das solucións adoptadas para cumprir os obxectivos de seguranza do presente real decreto xunto cunha lista doutras especificacións técnicas pertinentes aplicadas; en caso de normas harmonizadas que se apliquen parcialmente ou de normas internacionais ou nacionais mencionadas nos artigos 13 e 14, especificaranse na documentación técnica as partes que se aplicasen;
- e) os resultados dos cálculos de deseño realizados, dos exames efectuados, etc.,
- e
- f) os informes sobre os ensaios.

3. Fabricación.

O fabricante tomará todas as medidas necesarias para que o proceso de fabricación e o seu seguimento garantan a conformidade do material eléctrico fabricado coa documentación técnica mencionada no número 2 e cos requisitos do presente real decreto que se lle aplican.

4. Marcación CE e declaración UE de conformidade.

4.1 O fabricante colocará a marcación CE en todo material eléctrico que satisfaga os requisitos aplicables do presente real decreto.

4.2 O fabricante redactará unha declaración UE de conformidade para cada modelo de produto e manteraa, xunto coa documentación técnica, ao dispor das autoridades competentes de vixilancia do mercado durante dez anos despois da introdución do material



eléctrico no mercado. Na declaración UE de conformidade identificarase o material eléctrico para o cal foi elaborada.

Facilitarase unha copia da declaración UE de conformidade coas autoridades competentes de vixilancia do mercado que o soliciten.

5. Representante autorizado.

As obrigacións do fabricante mencionadas no número 4 deste anexo poderá cumprilas o seu representante autorizado, no seu nome e baixo a súa responsabilidade, sempre que estean especificadas no seu mandato.

## ANEXO IV

### Declaración UE de conformidade (n.º XXXX) <sup>1</sup>

<sup>1</sup> O fabricante poderá asignar con carácter optativo un número á declaración de conformidade.

1. Modelo de produto/produto (produto, tipo, lote ou número de serie):
  2. Nome e enderezo do fabricante ou do seu representante autorizado:
  3. A presente declaración de conformidade expídese baixo a exclusiva responsabilidade do fabricante.
  4. Obxecto da declaración (identificación do material eléctrico que permita a rastrexabilidade; poderá incluír unha imaxe en cor de nitidez suficiente se resulta necesario para a identificación do material eléctrico).
  5. O obxecto da declaración descrita anteriormente é conforme coa lexislación de harmonización pertinente da Unión Europea:
  6. Referencias ás normas harmonizadas pertinentes utilizadas, incluídas as datas das normas, ou referencias ás outras especificacións técnicas, incluídas as datas das especificacións, respecto das cales se declara a conformidade:
  7. Información adicional:
- Asinado en nome de:
- (lugar e data de expedición):
- (nome, cargo) (sinatura):